



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA CONTRATACIÓN DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS MEDIOAMBIENTAIS CON CARGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA APROL RURAL 2024. EXP. 2024/E001/000003

Na data de 16-05-2024 o TAX-coordinador xeral, en cumprimento do establecido na providencia da alcaldía de data 24-04-2024 emitiu o seguinte

“INFORME-PROPOSTA

Antecedentes:

- Orde de 26 de decembro de 2023 (DOG nº 17, do 24 de xaneiro de 2024) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G)

- Resolución de Alcaldía núm. 151/2024 do 22/02/2024 pola que se acordou solicitar a subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), á Consellería de Emprego polo importe de 32.215,18 € para a contratación de dous/dúas operarios/as para limpeza de pistas forestais durante nove meses a tempo completo, sendo o orzamento total de 32.953,86 € dos que 738,68 € corresponderán á achega municipal (Exp. 2024/A008/000008).

-Resolución da Xefatura Territorial da Coruña do 19 de abril de 2024 pola que se notifica que se concede a este concello unha subvención polo importe de 32.215,58 €, equivalente aos custos salariais totais, para a contratación de 2 peóns/oas forestais medioambientais, persoal laboral temporal, baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo a tempo completo por un período de nove (9) meses para a realización da limpeza de pistas forestais, establecéndose como data límite para formalizar as contratacións o día 20 de maio de 2024.

- Artigo 14.6 da Orde do 26 de decembro de 2023 que establece a posibilidade de utilización de ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, logo da preceptiva autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

-Providencia de Alcaldía de data 24-04-2024 na que se dispuxo que para a selección dos dous peóns forestais ambientais se empregase a bolsa do “Plan de Emprego Social 2023-2024”, aprobada pola resolución de Alcaldía nº 389/2023 de 04-05-2023, a cal conta co informe favorable de non duplicidade de competencias no marco dun plan de fomento do emprego emitido pola Dirección Xeral de Administración Local de data 1 de marzo de 2023 para a contratación de persoas desempregadas no marco dun Plan de Emprego Social 2023-2024 no concello de Ponteceso (A Coruña), informada igualmente en sentido favorable pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social de data 21 de febreiro de 2023 e pola Consellería de Facenda e Administración Pública de data 1 de marzo de 2023

- Considerando que os integrantes da referida bolsa de emprego do P.E.S. 2023-2024 cumpren os requisitos establecidos na Orde de 26 de decembro de 2023 e poderase empregar o contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción social, de conformidade co establecido na Disposición adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego, a cal establece:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

“Disposición adicional novena. Contratos vinculados a programas de activación para el empleo.

1. Las administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos para la mejora de la ocupabilidad y la inserción laboral en el marco de los programas de activación para el empleo previstos en este texto refundido de la Ley de Empleo, cuya duración no podrá exceder de doce meses”.

-Informe sobre os chamamentos realizados de data 07-05-2024, emitido pola funcionaria María José Sueiro Pose, o cal é do seguinte teor literal:

“INFORME

...

Tendo en conta a devandita providencia procédese á realización dos chamamentos empregando a vixente bolsa de emprego do “PLAN DE EMPREGO SOCIAL 2023-2024”, aprobada pola resolución de Alcaldía nº 389/2023 de 04-05-2023, a cal conta co informe favorable de non duplicidade de competencias no marco dun plan de fomento do emprego emitido pola Dirección Xeral de Administración Local de data 1 de marzo de 2023 para a contratación de persoas desempregadas no marco dun Plan de Emprego Social 2023-2024 no concello de Pontevedra (A Coruña), informada igualmente en sentido favorable pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social de data 21 de febreiro de 2023 e pola Consellería de Facenda e Administración Pública de data 1 de marzo de 2023, estando integrada polas seguintes persoas:

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
1.- AMADO MATO M ^a ROCÍO	108
2.- AMADO CEÁN NOELIA	101,50
3.- BERMÚDEZ CHANS MÓNICA	95,45
4.- URES VILA MARIA LUISA	92,25
5.- MARTINEZ VILA VANESSA	89,75
6.- ZEKRI SAKINA	86,50
7.- VICENTE FERREIRO MIGUEL MANUEL	82,50
8.- SOUTO BERMÚDEZ M ^a JOSEFA	82,00
9.- VIDAL RODRIGUEZ M ^a YOLANDA	82,00
10.- FACAL FACAL M ^a DEL CARMEN	79,50
11.- DÍAZ ESTRAMIL ALEJANDRO	78,60
12.- VARELA LEMA JUAN JOSÉ	77,25
13.- MÁRQUEZ VARELA MIGUEL PABLO	76,00
14.- VILLAR BELLÓN JUAN JOSÉ	72,70
15.- RODRIGUEZ VARELA MARTIN	69,50
16.- PEÑA GARCIA LUIS	61,00

Realizados os chamamentos, respectando á orde de prelación dos candidatos na bolsa, conclúese o seguinte resultado:

- 1. M^a ROCIO AMADO MATO, con DNI ***6146**, candidata número 1 da bolsa: Realízase chamamento telefónico o 06-05-2024, estando dispoñible polo que acepta o mesmo mediante escrito presentado na mesma data (R.E. núm. 20240000000516), co que achega a documentación esixida.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

2. NOELIA AMADO CEAN, con DNI ***2981**, candidato número 2 da bolsa: Efectúase chamamento por vía telefónica o día 06-05-2024, contestando que está dispoñible e que acepta o mesmo a través de escrito presentado na mesma data (R.E. núm. 20240000000515), co que presenta a documentación esixida.

E para que conste e surta os efectos oportunos expido e asino dixitalmente o presente informe, en Pontevedra a sete de maio de dous mil vinte e catro.

...”

-Informe da traballadora social municipal de data 07-05-2024 sobre o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 da Orde de 26 de decembro de 2023 polas persoas que aceptaron o chamamento no que se conclúe o seguinte: “Que segundo os datos obrantes neste departamento as citadas persoas posúen a condición de integrante dun colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 14 da Orde de 26 de decembro de 2023 ao tratarse de mulleres desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego”

-Informe do TAX-coordinador xeral de data 08-05-2024 sobre o procedemento a seguir para a presentación de oferta nominal cumprindo o ordeado pola alcaldía na providencia de data 24-04-2024.

*- Na data 10-05-2024, solicítase á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade autorización de oferta especial con vinculación nominal a favor das dúas candidatas propostas, M^a Rocío Amado Mato, con DNI ***6146** e Noelia Amado Ceán, con DNI ***2981**, achegando a preceptiva documentación xustificativa da pertenza destas persoas aos colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, autorizándose a mesma na data de 10-05-2024 (R.E. núm. 20240000000571 do 13-05-2024).*

-Con data do 13-05-2024 preséntase na Oficina de Emprego de Carballo a solicitude de oferta de emprego nominal a favor das dúas persoas propostas, sendo enviados os seus currículos o 14-05-2024, os cales se incorporan ao expediente.

-Consta a memoria da alcaldía de data 16-05-2024 relativa á xustificativa da urxencia, necesidade e excepcionalidade da contratación laboral temporal de dous peóns medioambientais, cumprindo o establecido no artigo 20.5 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, pola que se aproba o orzamento xeral do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024.

*Acreditados os chamamentos no informe transcrito e a aceptación de M^a Rocío Amado Mato, con DNI ***6146** e de Noelia Amado Ceán, con DNI ***2981**, candidatas número 1 e 2, respectivamente, da bolsa de emprego do P.E.S. 2023-2024 aprobada pola resolución de Alcaldía nº 389/2023 de 04-05-2023, así como autorización previa da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de oferta especial con vinculación nominal a favor das dúas candidatas propostas e solicitude de oferta de emprego nominal a favor das dúas persoas propostas, cómpre elevar a proposta de contratación á alcaldía, órgano competente, art. 21.1.g) da LRBRL, a cal será sometida xunto co expediente completo á fiscalización previa da Intervención Municipal.*

Por todo o anterior elevo á alcaldía a seguinte



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

PROPOSTA

Primeiro.- Declarar, consonte ao establecido no art. 20.5 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, pola que se aproba o orzamento xeral do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024, a urxencia polo carácter inaprazable, a necesidade e a excepcionalidade na contratación laboral temporal de dúas peoas forestais medioambientais do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Contratar como **PEOAS FORESTAS MEDIOAMBIENTAIS** para levar a cabo tarefas de limpeza de pistas públicas forestais municipais, Programa APROL-RURAL 2024, coa categoría laboral de operarios de servizos xerais, peóns, grupo de cotización S.S. 10, cun contrato de duración determinada a tempo completo, para mellora da ocupabilidade e a inserción social, consonte ao establecido na Disposición Adicional Novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego, polo período máximo de 9 meses, coa data de inicio de 20-05-2024 ata o 19-02-2025, coas retribucións mensuais brutas de 1.323,00 euros, incluído o rateo das pagas extraordinarias e cun período de proba de dous meses, ás seguintes candidatas:

- M^a Rocío Amado Mato, con DNI ***6146**
- Noelia Amado Ceán, con DNI ***2981**

Terceiro.- Notificar ás interesadas, publicar no taboleiro da sede electrónica, dar conta á Intervención e á Tesourería, e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”

Na data de 16-05-2024 a intervención municipal emitiu o informe de fiscalización previa en sentido favorable e practicou as correspondentes retencións de crédito con cargo ao vixente orzamento municipal de 2024.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro.- Declarar, consonte ao establecido no art. 20.5 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, pola que se aproba o orzamento xeral do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024, a urxencia polo carácter inaprazable, a necesidade e a excepcionalidade na contratación laboral temporal de dúas peoas forestais medioambientais do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Contratar como **PEOAS FORESTAS MEDIOAMBIENTAIS** para levar a cabo tarefas de limpeza de pistas públicas forestais municipais, Programa APROL-RURAL 2024, coa categoría laboral de operarios de servizos xerais, peóns, grupo de cotización S.S. 10, cun contrato de duración determinada a tempo completo, para mellora da ocupabilidade e a inserción social, consonte ao establecido na Disposición Adicional Novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego, polo período máximo de 9 meses, coa data de inicio de 20-05-2024 ata o 19-02-2025, coas retribucións mensuais brutas de 1.323,00 euros, incluído o rateo das pagas extraordinarias e cun período de proba de dous meses, ás seguintes candidatas:

- M^a Rocío Amado Mato, con DNI ***6146**
- Noelia Amado Ceán, con DNI ***2981**



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Terceiro.- Notificar ás interesadas, publicar no taboleiro da sede electrónica, dar conta á Intervención e á Tesourería, e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Ponteceso, na data da súa sinatura dixital.

O alcalde en funcións

A secretaria
(Dou fe aos efectos art. 3.2 RD 128/2018)

Juan Ramón Vidal Torrado

Antía Pena Dorado